

Avaliación Externa das Titulacións de Mestre/a e Licenciado/a en Psicopedagogía (Ourense)

Infórmase a toda a Comunidade Universitaria que os vindeiros días **26, 27 e 28 de outubro de 2005** terá lugar a visita do Comité de Avaliadores Externos que vai realizar a Avaliación Externa destas Titulacións, na Facultade de Ciencias da Educación do Campus de Ourense.

Tal e como se recolle no proceso de Avaliación Externa, están previstas audiencias públicas cos distintos usuarios da Titulación, polo que queremos solicitar a máxima participación nas mesmas.

Será unha oportunidade para que calquera usuario e/ou persoa da Comunidade Universitaria manifeste as súas opinións, queixas ou suxestións, e contribúa activamente á mellora do funcionamento das Titulacións.

Estas audiencias terán lugar na Sala de Xuntas do Decanato da Facultade de Ciencias da Educación, no Campus de Ourense - As Lagoas, nas datas e nas horas seguintes para cada perfil de audiencia:

Día	Horario	Actividades
26/10/2005	12h.15 - 13h.30	Reunión con Directores/as de Departamentos con Docencia nestas Titulacións
	13h.30 - 14h.30	Reunión co PAS (Centro e Departamentos con sede na Facultade)
	16h.30 -18h.00	Reunión co Profesorado de MAXISTERIO
	18h.15- 19h 45	Reunión co Profesorado de PSICOPEDAGOXÍA
27/10/2005	9h.30 - 10h.40	Reunión con alumnos de 1º e 2º curso MAXISTERIO
	10h.50 - 12h.00	Reunión con alumnos de último curso MAXISTERIO
	12h.10 - 13h.20	Reunión con alumnos de 4º e 5º curso PSICOPEDAGOXÍA
	16h.30 - 17h.20	Reunión con egresados e bolseiros/as MAXISTERIO
	17h.30 - 18h.40	Reunión con egresados e bolseiros/as PSICOPEDAGOGÍA
	18h.50- 20h 00	Reunión con Empregadores, Representantes dos Colexios e/ou Asociacións Profesionais ...)
28/10/2005	09h.00 - 10h.00	Audiencia Pública

Lémbrese que poden atopar os Informes de Autoavaliación destas Titulacións nos enlaces:

http://webs.uvigo.es/webcalidad/area_calidad/informes/Informe_Autoev_Mestres_OU.pdf, e

http://webs.uvigo.es/webcalidad/area_calidad/informes/Informe_Autoev_Psicopedag.pdf

Por último, e para organizar axeitadamente estas xuntanzas, queremos pedir ás persoas que vaian participar nas mesmas que nos confirmen a súa asistencia enviando un correo electrónico á dirección: calidade@uvigo.es

Agradecemos de antemán a atención e colaboración que sen dúbida a Comunidade Universitaria vai prestar a este importante proceso.

Xosé Manuel Cid Fernández
Decano da Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense

Ángel M. Sánchez Bermúdez
Vicerreitor de Innovación e Calidade